

Pablo S. Otero Piñeyro Maseda<sup>1</sup>

## O apoexo dos Escudeiros na Galiza baixomedieval. O caso dos Vilaríño. O seu patrimonio e parentelas

### R E S U M O

*Da heteroxeneidade do grupo social dos calificados como “escudeiros” e da súa relevancia deriva a necesidade de coñecer os seus patrimonios, filiacións, fidelidades, parentelas e traxectoria vital, para situalos convenientemente no seu contexto histórico. Por este motivo, resulta oportuno exemplificar este proceso xeral na Baixa Idade Media galega cun caso particular, o de os Vilaríño, familia de escudeiros ourensáns ao servizo da gran Casa dos Sarmiento, e con posibles conexións familiares coa nobreza portuguesa.*

Na documentación baixomedieval galega moitos personaxes nobres reciben o apelativo de “escudeiro”. A acepción “escudeiro” é un termo pouco preciso, cambiante de significado ao longo do tempo, e que tan sequera califica a un grupo social homoxéneo dentro da oligarquía nobiliaria. O que nun primeiro momento puido ser un oficio militar ou posto na mesnada, irase convertindo nun calificativo social moi concreto, distinto, por exemplo, ao de “cabaleiro” ou “vasalo do rei”, pero que tamén sitúa á persoa na complexa sociedade do medievo. O apoexo dos escudeiros é a consecuencia inmediate da aristocratización baixomedieval propiciada pola revolución Trastámara castelá.

É ben sabido que xunto ás grandes liñaxes medievais existía unha auténtica constelación de liñaxes menores, moitas veces vinculadas a eles por lazos de parentesco<sup>2</sup>; xuntos formaban auténticas redes sociais de poder<sup>3</sup>. Os escudeiros, membros desas liñaxes menores, manterán unhas características peculiares que se repiten ao longo dos séculos XIV y XV: emulaban as conductas violentas dos seus señores desde os seus postos de influencia, especialmente nos abusos sobre os bens eclesiásticos; mantiñanse ligados durante xeracións sucesivas tanto ao patrimonio de determinadas institucións eclesiásticas como ao servizo das grandes casas nobiliarias; actuaban como verdadeiras estruturas de poder no señorío, esencia do sistema feudal; as súas continuas asociacións antroponímicas, os seus enterramentos e a exhibición de emblemas heráldicos evocaban a memoria familiar, coa que tamén pretendían lexitimar o seu patrimonio foral...

Da heteroxeneidade do grupo social dos escudeiros e da súa relevancia deriva a necesidade de coñecer os seus patrimonios, filiacións, fidelidades, parentelas e traxectoria vital, para situalos convenientemente no seu contexto histórico<sup>4</sup>. Por este motivo, resulta oportuno que nesta comunicación se exemplifique este proceso xeral

<sup>1</sup> IEGPS (CSIC-XuGa). Esta comunicación presentada na cidade do Porto o trece de novembro de 2009 no marco do “XXIX Congreso da Asociación Portuguesa de Historia Económica e Social (APHES). Memória Social, Patrimónios e Identidades”, foi preparada polo autor ó abeiro do Programa de recursos humanos (RHS) do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010), Programa “Ángeles Alvaríño”, convocatoria 2008, cofinanciado polo Fondo Social Europeo. O autor está disfrutando dunha estada de investigación posdoutoral no CEPES (Centro de Estudos da Población, Economía e Sociedade) da Universidade do Porto.

<sup>2</sup> Así o sinalou o profesor vasco Ignacio Arocena Echeverría segundo cita Arsenio **Dacosta**, *Los linajes de Bizkaia en la Baja Edad Media: poder, parentesco y conflicto*, Bilbao, Servicio Editorial, Universidad del País Vasco, 2003, pág. 299. Unha nómina bastante completa de liñaxes gallegos pode verse en Eduardo **Pardo de Guevara y Valdés**, “De las viejas estirpes a las nuevas hidalguías. El entramado nobiliario gallego al fin de la Edad Media”, *Nalgures*, 3 (2006), páxs. 278-280.

<sup>3</sup> “Estos clanes tenían una dimensión muy grande, agrupando a un importante número de personas; lo que hace pensar más bien en una tribu que en una simple familia, o una amplia familia. Estas estructuras sociales difieren profundamente de las nuestras y, en general, de las estructuras de toda la era «moderna»; su estudio exige, por parte del historiador, un esfuerzo decidido de cambio de orientación”: véxase Jacques **Heers**, *El clan familiar en la Edad Media*, Barcelona, Labor, d.l. 1978 (Labor universitaria. Manuales), pág. 287.

<sup>4</sup> “Situarse a cada personaje en su contexto histórico es una buena forma de acercarse a la realidad, siempre compleja, pero, sin duda, determinante, de la función de la nobleza en el período medieval”: véxase María Concepción **Quintanilla Raso**, *Nobleza y caballería en la*

na Baixa Idade Media galega cun caso particular, o de os Vilaríño, familia de escudeiros ourensans ao servizo da gran Casa dos Sarmiento.

Todo este empeño é posible despois de rastrear e analizar a presenza dos Vilaríño en distintos fondos documentais (mosteiros de Oseira, Celanova, Santo Domingo de Ribadavia, catedral de Ourense... entre outros), e da reconstrución da traxectoria vital dos seus máis sinalados representantes<sup>5</sup>.

\*\*\*\*\*

Os historiadores non dedicaron moitas páxinas a aclarar o fenómeno do protagonismo dos escudeiros na Baixa Idade Media<sup>6</sup>. Tal cualificativo non é desde logo o único, aínda que sí o máis habitual. Outros que se localizan na documentación son os de “vasalo do rei”, “doncel”, “fidalgo” ou mesmo “cabaleiro”, aínda que este último apelativo é moi pouco frecuente a partir da segunda metade do século XIV. Cada un de eles encerra realidades moi concretas,

*Edad Media*, Madrid, Arco Libros, 1996 (Col. Cuadernos de historia, Arco Libros, 17), pág. 66. José Ramón Díaz de Durana, pola súa parte, coincide na mesma opinión e resalta as aportacións de Carlos Estepa Díez, en *Las Behetrías castellanas*, Madrid, Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Turismo, 2003, 2 vols. + 1 disco compacto (Mapas) (Col. Estudios de historia, Castilla y León. Consejería de Educación y Cultura) e de Ignacio Álvarez Borge, *Poder y relaciones sociales en Castilla en la edad media: los territorios entre el Arlanzón y el Duero en los siglos X al XIV*, [Valladolid], Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura, 1996 (Col. Estudios de historia, Castilla y León. Consejería de Educación y Cultura): sinala Díaz de Durana que ambos autores conveñen en que “sigue sendo necesario profundizar en el conocimiento de los sectores inferiores de la nobleza al norte del Duero, de esos escuderos de los que apenas conocemos sus nombres y sobre los que desconocemos su historia”; destaca de Carlos Estepa o seu capítulo dedicado aos denominados «hidalgos locales» e, aínda que afirma que “resulta muy difícil precisar qué entendemos bajo esta denominación”, realiza una aportación de gran interese para identificarlos. Se trataría de hidalgos que «vivían en lo suyo», hidalgos que no exercían ningún poder sobre vasallos campesinos, hidalgos que non eran señores e que poden constituir un grupo fronterizo con el campesinado, con los «labradores de behetría». Continúa Díaz de Durana afirmando que “como propone Álvarez Borge es necesario profundizar en el conocimiento de las clientelas nobiliarias”, referenciando varios traballos de Cristina Jular “y de los mecanismos que permitían a los sectores de la pequeña nobleza participar en el reparto de los recursos generados en otros dominios y en otras actividades—remuneraciones en metálico, participación en las rentas reales y señoriales—pero también, añado, avanzar en el conocimiento de otros mecanismos—por ejemplo, el control de los oficios relacionados con la justicia a escala local o comarcal—que permitieron a esos escudeiros e hidalgos mantener y consolidar históricamente su preeminencia social y política”: véxase José Ramón Díaz de Durana Ortiz de Urbina, *La otra nobleza, escuderos e hidalgos sin nombre y sin historia: hidalgos e hidalguía universal en el País Vasco al final de la Edad Media (1250-1525)*, Bilbao, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco, d.l. 2004, páxs. 43-44.

<sup>5</sup> Esta e outras liñaxes foron abordados na miña Tese doutoral *La documentación del monasterio de Oseira (Orense) 1435-1485. Estudio, edición e índices. La huella de la nobleza*, Santiago de Compostela, tese doutoral inédita, Universidad de Santiago de Compostela, 2008.

<sup>6</sup> Entre outros autores, localizáronse os seguintes comentarios sobre o fenómeno dos escudeiros: Jean Flori, na súa obra *Caballeros y caballería en la Edad Media*, [traducción de Godofredo González], Barcelona, Paidós, d.l. 2001 (Col. Paidós Orígenes, 21), páxs. 119-120 di que “la palabra «escudero» parece haber tenido en el siglo XIII una evolución semántica comparable a la de «miles» en el siglo XI y «caballero» en el XII. Designa en primer lugar a los servidores encargados del cuidado de las armas y de los caballos. Con esos servidores, que seguían siéndolo de por vida, se mezclan en el siglo XII los hijos de la aristocracia que, a su lado, aprenden las artes del futuro caballero. El retraimiento ante la invisibilidad de caballero incrementa el número de escuderos nobles que no han sido aún investidos (o que no lo serán nunca), con lo cual la palabra termina por designar un título inferior de la nobleza”. José Ramón Díaz de Durana Ortiz de Urbina, no seu magnífico estudio xa citado, identifica aos escudeiros como “pequenos hidalgos rurales” cun protagonismo histórico e prácticas sociais que se encarga de estudar con gran profundidade e rigor nas provincias vascas. No ámbito luso, destacan as opinións de A. H. de Oliveira Marques, que di que “entre os tipos sociais conviria distinguir os terratenentes, comezando polo rei e a súa familia, os nobres, o clero dos bispados, das abadias e das ordens religiosas-militares, encarar despois aquilo a que chamaríamos a “clase média”—pequena nobreza dos infanções, dos cavaleiros e dos escudeiros, baixo clero tanto secular como regular, cavalaria vilá dos concelhos...”, véxase, *Guia do estudante de História Medieval portuguesa*, 3ª ed., Lisboa, ed. Estampa, 1988 (Imprensa Universitária, num. 15), pág. 29. Pola súa parte, Joel Serrão (dir.), no seu *Dicionário de História de Portugal*, Porto, Livraria Figueirinhas, 1985, voz “Escudero”, vol. 2, páxs. 430-431, opina que o escudero era propiamente o home encargado de levar o escudo do cabaleiro; “mas cedo passou a ser elemento de uma classe de nobreza”. Para o cabaleiro o escudero era indispensable, pois non só o axudaba a se armar, senón que tamén o acompañaba ao combate, para auxiliarlle cando era derrumbado... En certas listas militares españolas localizáanse cabaleiros vilanos que eran homes de oficio, e como fan referencia tamén aos seus escudeiros, pódese admitir que estes fosen asalariados seus, que terán só aquela función de forma transitoria, só durante o tempo que durase a campaña. Os nobles mozos que entraban a servir nos pazos do rei ou dos «ricos-homens» facían na categoría de «donzéis ou pagens, rapaces bastante novos, que alí eram instruídos nos usos da guerra, jogo de armas, equitação, etc.» pasando despois a escudeiros e sendo, finalmente, armados cabaleiros. Estes escudeiros «por linhagem» que moitas veces prestaban na guerra o mesmo servizo que os cabaleiros, mantíñanse posiblemente na súa categoría, non só por non haberen alcanzado aínda a idade ou sona suficiente para pasar a cabaleiros, “mas também por falta de fortuna”. Posteriormente, foi constituída con eles a garda que acompañaba aos grandes señores e tamén é probable que deles dependesen directamente, pero outros estaban ligados aos cabaleiros vasallos daqueles. Tiñan, en teoría, dereito ás mesmas compensacións que os cabaleiros polos danos que sufrían, pero cunha importante diferenza, “que eram obrigados a contentar-se com a reparación pecuniária”. Na organización da nobleza da Casa de don Alfonso V (1438-1481) a segunda categoría era de “escudero fidalgo”, pero parece que tiña sido atribuída a homes de pequena categoría social, o que levantó protestas das cortes; evidentemente, nestas datas o apelativo de “escudero” non correspondía xa á súa función primitiva.

quizáis en ocasións pouco homoxéneas e confusas, que ben merecerían estudos específicos e comparativos para abordar a súa significación e relevancia nunha sociedade fortemente xerarquizada<sup>7</sup>.

O mundo cabaleresco medieval é extremadamente complexo, e moitos autores puxeron de relevo a denominada “ideoloxía cabaleresca”, connatural á sociedade medieval feudal ou señorial<sup>8</sup>. Parece que o “mundo dos escudeiros” da Galicia baixomedieval é o caso das antigas realidades dos séculos XII e XIII.

Qué é un escudeiro? En primeiro lugar, hai que tratar de esclarecer se estamos falando dunha profesión, dun oficio de armas, ou dunha categoría social, dado que habitualmente os personaxes que reciben tal nomeamento pertencen a liñaxes máis ou menos poderosas e sempre actúan en escenarios políticos ou económicos de certo relevo. Sen embargo, ambas consideracións parecen non ser opostas, senon complementarias: é dicir, o exercicio dunha profesión guerreira, nun escenario fortemente señorializado ofrece claras connotacións de fidalguía.

Tradicionalmente díxose, tomando as informacións dos textos legais casteláns—tamén portugueses—que os escudeiros son aqueles nobres ou fidalgos—conceptos que ben merecerían matizacións de interese—aos que lles falta seren armados cabaleiros para entrar no grupo da caballería. É dicir, é o estado previo á recepción da orde da caballería<sup>9</sup>. A eclosión na segunda metade do século XIV e no XV dos escudeiros no ámbito galego, e a casi inexistencia dos cualificados como “cabaleiros” na documentación, podería supoñer que numerosos personaxes nobres, ou ben non podían acceder—“falles grande” poderíase dicir—ou incluso non lles interesaba alcanzar a caballería, como suxeriron algúns autores noutros ámbitos<sup>10</sup>.

A miña proposta metodolóxica para explicar o fenómeno dos escudeiros parte do coñecemento dos propios escudeiros como individuos, das súas prácticas sociais, das súas filiacións e parentelas, das súas clientelas ou grupos sociais entre os que se documentan, dos patrimonios que van acumulando, da súa memoria familiar e da súa forma de vida... en suma, do rastreo e análise da documentación na que se mencionan. O mesmo pode aplicarse, aínda que tal propósito excede estas páxinas, nas traxectorias dos cabaleiros galegos documentados alomenos desde os primeiros decenios do século XIV. Por estas razóns, a Xenealoxía, como ciencia e técnica historiográfica e no contexto da renovación dos seus métodos e obxectivos, suministra unha metodoloxía capaz de dar interesantes respostas aos obxectivos propostos<sup>11</sup>. E naturalmente, as edicións documentais permiten ao seu transcriptor ter un contacto especial cos textos, o que posibilita que desde a área das denominadas Ciencias e Técnicas Historiográficas se formulen hipóteses de traballo para o estudo da historia social da nobreza e de todo o conxunto da fidalguía baixomedieval galega<sup>12</sup>.

<sup>7</sup> Un importante punto de partida pode ser a utilísima compilación de textos xurídicos, históricos, teóricos, políticos e literarios imprescindibles para coñecer o discurso cabaleresco castelán na Idade Media—Alfonso X, Alfonso XI, don Juan Manuel, Alonso de Cartagena, Diego de Valera, Hernando del Pulgar, entre outros moitos—de Carlos **Heusch** [con la colaboración de Jesús Rodríguez Velasco], *La Caballería castellana en la baja edad media: textos y contextos*, Montpellier, Université de Montpellier III, 2000 (Collection Espagne médiévale et moderne, 1).

<sup>8</sup> Véxase Jesús D. **Rodríguez Velasco**, *El debate sobre la caballería en el siglo XV. La tratadística cabaleresca castellana en su marco europeo*, [s.l.], Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura, 1996 (Col. Estudios de Historia) e Jean **Flori**, *Caballeros y caballería en la Edad Media...*

<sup>9</sup> Así o considera María Isabel **Pérez de Tudela y Velasco**, seguindo as “Partidas”, en *Infanzones y cabaleiros. Su proyección en la esfera nobiliaria castellano-leonesa (S. IX-XIII)*, [s.l.], Facultad de Geografía e Historia, Universidad Complutense de Madrid, 1979, pág. 311.

<sup>10</sup> José Ramón Araluce Cuenca, no seu estudio sociolóxico do “Libro de los estados” de don Juan Manuel, considera que o propio infante, acérrimo defensor da caballería que “aumenta el honor y la honra, porque «es la mayor honra a quie home fijoalga puede llegar et el caballero lleva nombre de caballería». É estraño que este home, que tantos eloxios fai deste honor, que ve aos seus iguais e superiores recibir a orde de caballería, e que ten o privilexio de armar cabaleiros, teña a orgullo non selo”: véxase José Ramón **Araluce Cuenca**, *El libro de los Estados: don Juan Manuel y la sociedad de su tiempo. Con un glosario terminológico*, Madrid, José Porrúa Turanzas, [1976] (Ensayos). Jean Flori apunta no mesmo sentido, ao afirmar que “a finales de la Edad Media, la caballería ya no es, como en el siglo XII, la noble corporación de guerreros de élite a caballo; ya no es, como en el siglo XIII, la corporación de élite de los caballeros nobles; se convierte en cofradía de élite de la nobleza, la de los nobles armados caballeros. Los aspectos culturales e ideolóxicos han prevalecido sobre los aspectos funcionales. Las órdenes de caballería, tomando el relevo de la caballería «ordinaria» a la que consideran débil y claudicante, acentúan aún más estos aspectos”. Máis adiante o mesmo autor considera que “la caballería en el siglo XIII tiende a identificarse con la nobleza por cuanto la investidura de caballero se les prohíbe a los plebeyos. Esta identificación es sólo temporal. En efecto, en esta época numerosos hijos de nobles no reciben la investidura de caballeros. Se contentan con el título de «señoritos». Sin embargo, pueden ejercer la profesión militar, pero no pasan de sargentos (a caballo) o escuderos («sctutiferi, armigeri»). Sin embargo, en el século XI, los príncipes aceptan la denominación de «miles» y ellos mismos dicen ser caballeros. La razón me parece sencilla: refleja el sentimiento de una pertenencia común a una entidad más profesional que social. Refleja también la profunda militarización de la sociedad y más aún, de la mentalidad aristocrática”: véxase Jean **Flori**, *Caballeros y caballería en la Edad Media...*, páxs. 90 e 115.

<sup>11</sup> Véxase Eduardo **Pardo de Guevara y Valdés**, “¿Hacia una nueva ciencia genealógica? Reflexiones para una renovación en sus métodos y objetivos?”, *Medievalismo*, 2 (1992), páxs. 171-183.

<sup>12</sup> Tal proposta e concepción metodolóxica desenvolveuse na miña xa citada Tese doutoral, parte dela —precisamente a que se refire aos vestixios da nobreza— aínda inédita.

## Os Vilaríño, o seu patrimonio e parentelas

Pouco pode precisarse ata o momento da orixe e o entorno familiar dos primeiros Vilaríño o “Villarino”, salvo que se trata dun grupo familiar de escudeiros documentado desde a segunda metade do século XIV “a par da poussa de Vilarinno” (San Mamede da Canda. Piñor)<sup>13</sup>, lugar que podería considerarse solar da liñaxe. Un dos primeiros escudeiros documentados alí é Pedro Gómez de Vilaríño. Ao longo do século XV algún dos seus membros como Roy González de Vilaríño—asociación antroponímica habitual—vincularase á hoste da Casa dos Sarmiento, condes de Ribadavia<sup>14</sup>. A súa relación con outras liñaxes do entorno ourensán como os Mosqueira, Noguerol e Ougea de Albán e a súa repetida presenza no mosteiro de Oseira situará ás súas parentelas na área ourensana e tamén na terra do Ribeiro de Avia.

Sen embargo, ata o momento non se pode descartar unha posible ascendencia portuguesa do liñaxe: el “Livro de Linhagens” do Conde don Pedro cita en dúas ocasións á ascendencia dalgúns personaxes “dos Vilarinhos”<sup>15</sup>. O mesmo “Livro” di que

*“Este dom Gonçalo Pereira, arcebispo [de Braga], sendo escolar mui novo, sem ordêes, e estando no estudo de Salamanca, filhou i ùa dona que chamavam dona Tareija Pirez Vilarinha, filha de dom Pero Gonçalvez Vilarinho, e fez em ela ùu filho que chamarom dom Alvaro Gonçalvez de Pereira, e foi metido na ordem do Espiritual muito moço”*<sup>16</sup>.

Nun recente estudio sobre a procedencia social dos membros das ordes militares de Santiago e Avis en Portugal, Luís Filipe de Oliveira, documenta a “Brás?” Fernandes Vilarinho como comendador de Messejana (Aljustrel) da Orde de Santiago en 1374, pero descarta a posibilidade de que se trate da mesma liñaxe citada no “Livro de Linhagens”<sup>17</sup>. De novo en Galicia, en 1478 documéntase, como se verá máis adiante, ao escudeiro Broz López de Vilaríño no entorno de San Cristovo de Cea.

Os Vilaríño documéntanse en torno ao mosteiro ourensán de Santa María de Oseira desde mediados do século XIV, e dan nome a unha capela – tamén chamada de San Andrés – anexa ao mosteiro “que está en el

<sup>13</sup> Vilaríño é un topónimo moi repetido en toda a xeografía galega, tanto como lugar como nome de parroquia; sen embargo, pódese deducir polo que se verá ao longo destas páxinas, que o identificador do grupo se refire ao lugar de Vilaríño, en San Mamede da Canda (Piñor. Ourense). Nese lugar aínda se conserva hote un fermoso pazo com torre.

<sup>14</sup> Eduardo Pardo de Guevara sintetiza a traxectoria desta importante liñaxe castelán: “Junto a todos los mencionados hubo también, como ha escrito García Oro, linajes extraños al reino gallego por su origen y estilo de vida que asumieron a partir de entonces un muy importante papel en el contexto de la nueva nobleza gallega, acaparando extensos dominios y significativas dignidades. El primer caso es el de los Sarmiento, señores de Bureba y Villamayor (Burgos), uno de cuyos miembros fue don Diego Pérez Sarmiento, adelantado mayor de Castilla y canciller de la Banda con Pedro I, pero que tras su sospechosa indecisión en Araviana debió huir a Aragón, donde murió asesinado en 1363. Hijo de este último fue, precisamente, don Pedro Ruiz Sarmiento, que fue enviado a Galicia – tras el fratricidio de Montiel – con la misión de liquidar los focos de resistencia petrista. El rotundo éxito que alcanzó en su misión explica muy bien que Enrique II lo promoviera rápidamente al adelantamiento mayor de Galicia, oficio que monopolizarían sus descendientes, y que lo recompensará además con un importante conjunto patrimonial, a cuya cabeza figuraron las villas de Ribadavia y Santa Marta. Juan I completaría los nuevos estados en 1379, concediendo al mismo don Pedro Ruiz Sarmiento las villas y señoríos de Sobroso, Parada, Valle de las Achas, Deva y Petán”: véxase Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, *Parentesco e identidad. Un panorama desde Galicia al fin de la Edad Media. Discurso de ingreso leído el día 15 de marzo de 2007*, Madrid, Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía, [e.p.]. Unha monografía adicada aos Sarmiento é de Gonzalo Francisco Fernández Suárez, *La nobleza gallega entre los siglos XIV-XV: Los Sarmiento condes de Ribadavia*, Santiago de Compostela, El Eco Franciscano, 2002.

<sup>15</sup> Véxase 36M11 e 66U1, páxs. 412 do vol. 1 e 151 do vol. 2 de José Mattoso (edição crítica), *Livros de Linhagens do Conde D. Pedro*, Lisboa, Academia das Ciências de Lisboa, 1980, 2 vols. (Portugaliae Monumenta Historica: a saeculo octavo post Christum usque ad quintra, segtum decimum, Nova Série, vol. 2/1 e 2/2). El “Livro de Linhagens” contén varias adicións posteriores a 1340, data aproximada da súa escritura, en opinión de José Mattoso, “con duas refundições de 1360-1365 e de 1380-1383”: *id. ib.*, vol. 1, páx. 48.

<sup>16</sup> Aquí parece apuntarse unha presenza en Salamanca dunhos Vilaríño. Frey Álvaro Gonçalvez de Pereira sería prior da Orde de San Juan en Portugal e destacado cabaleiro hospitalario: véxase 21G14-15 en *id. ib.*, vol. 1, páxs. 238-257 e Paula Maria de Carvalho Pinto Costa, *A Ordem Militar do Hospital em Portugal: dos finais da Idade Média à Modernidade*, Porto, Fundação Eng. António de Almeida, 1999-2000 (Militarium Ordinum Analecta, 3/4), páx. 251. O mellor estudo sobre as liñaxes portuguesas medievais é de José Augusto de Sotto Mayor Pizarro, *Linhagens medievais portuguesas: genealogias e estratégias 1279-1325*, Porto, [s.n.], 1997, 3 vols..

<sup>17</sup> O mesmo autor da novas doutros Vilarinhos en Santarém, Évora, Tavira, Lagos e Loulé: véxase Luís Filipe Oliveira, *A Coroa, os Mestres e os Comendadores. As Ordens Militares de Avis e de Santiago (1330-1449)*, [s.l.], Universidade do Algarve, 2009 (Arte, Literatura e Historia), páxs. 405-406.

atrio o cementerio de la iglesia, arrimada a la girola”<sup>18</sup> por enterrarse alí alomenos desde mediados do século XV personaxes da estirpe<sup>19</sup>.

Este grupo familiar ten como os seus primeiros membros documentados ata o momento a Pedro Gómez de Vilariño, Nuño Gómez de Vilariño e Gonzalo Gutiérrez de Vilariño, todos eles escudeiros, que recibirán en foro no último tercio do século un considerable número de bens, sitios ó redor dos actuais municipios ourensáns de Piñor e Coles, algúns dos que volverán a doar ao mosteiro ao remate dos seus días.

Ao longo do século XV documéntase repetidamente no mosteiro de Oseira – entre outros Vilariño, proba da temprana atomización da liñaxe – a Roy González de Vilariño, escudeiro do Conde de Santa Marta, fillo de Gonzalo Gutiérrez, que continuará acrecentando aquelas posesións e beneficiándose de importantes foros. No seu testamento, custodiado no fondo ursariense, ademais de mandarse enterrar na capela de San Andrés “que foy e he dotada de meu linagen”, doará ao mosteiro o couto de Torrecela (Santiago de Torcela. Piñor) que tiña ocupado. Os seus descendentes continuarán mantendo numerosas posesións da mordomía de Lueda e do entorno de Cea, ao Norte da cidade de Ourense.

### Pedro e Nuño Gómez de Vilariño

O primeiro personaxe do grupo familiar que se documenta en Oseira é Pedro Gómez de Vilariño, que intervén como testemuña nun foro outorgado polo mosteiro en xaneiro de 1358<sup>20</sup>. Vólvese a documentar en agosto de 1364, esta vez nunha escritura de renuncia do rector de San Xoán de Barrán (Piñor. Ourense) de dúas casas da súa igrexa, a favor do abade de Oseira. Este último documento está otorgado “a par da poussa de Vilarinno” (San Mamede da Canda. Piñor. Ourense), lugar que se pode considerar solar da liñaxe. Pedro Gómez de Vilariño intervén como testemuña, sendo nomeado “escudeiro”, e tamén o fai Roy Lourenzo, fillo de Juan Rodríguez de Camba<sup>21</sup>.

Non se pode precisar, por outro lado, se Nuño Gómez de Vilariño foi irmán de Pedro Gómez: en novembro de 1359 cítase nun foro de bens en San Lourenzo de Ribela (San Miguel de Melias. Coles. Ourense) outorgado por Oseira a favor de Alvar Rodríguez da Castiñeira, escudeiro de Juan Pérez de Novoa<sup>22</sup>, e de Aldonza Pérez, a súa mujer; especificase que “et a a morte do postrimeiro de vos a dous fillos de Nuno Gomes de Villarinno et de Thereyía Alvares, vossa filla...”<sup>23</sup>.

Tampouco se pode precisar se este Nuño Gómez de Vilariño se pode identificar con Nuño Gómez “escudeiro”, que en febreiro do ano 1351 intervén como testemuña – entre outros xunto a Juan de Milleirós<sup>24</sup> – na sentenza que a favor do mosteiro de Oseira deu Andrés Sánchez de Gres, merino maior do rei en Galicia “en lugar de Guter Fernandez de Toledo” contra Andrés Miguélez, escudeiro, alcalde de la “Pobra de Chantada”, por razón das martiniegas que este último cobraba aos vasalos e caseiros de Oseira<sup>25</sup>.

Nuño Gómez de Vilariño como marido de Teresa Álvarez, filla dun escudeiro da Casa de Novoa, representaría os intereses deste grupo nobiliario en pleno contexto bélico castelán.

<sup>18</sup> Véxase doc. núm. 2501 en Pablo S. **Otero Piñeyro Maseda**, *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1435-1485*, vol. V, [s.l.], Tórculo; Departamento de Historia I, 2008, páxs. 27-28.

<sup>19</sup> “La capilla y después el convento, afirmaban el prestigio de la casa noble. Tanto en el caso de los príncipes como en los simples linajes. El patronazgo fue uno de los elementos de poder y de cohesión social. Así, pues, la presencia de un mausoleo familiar en el interior de una iglesia o de un convento no era algo fortuito u ocasional; testifica al menos un acuerdo entre el clero y el señor y también, en muchos casos, la aceptación por parte del clero de una posición de autoridad, de una especie de tutela”: véxase Jacques **Heers**, *El clan familiar en la Edad Media...*, páxs. 276-278.

<sup>20</sup> Véxase doc. núm. 1745 en Miguel **Romaní Martínez**, et al., *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1310-1399*, vol. III, [s.l.], Tórculo; Departamento de Historia I, 1993, páxs. 273-274.

<sup>21</sup> Véxase doc. núm. 1784 en *id. ib.*, páxs. 306-307.

<sup>22</sup> Juan Pérez de Novoa foi escudeiro e tenente de Aguiar (Ourense) no segundo terzo do XIV: era curmán de Juan Fernández de Soutomayor, e fillo de Fernán Yáñez de Soutomayor: véxase doc. núm. 1803 en *id. ib.*, páxs. 318-320.

<sup>23</sup> Véxase doc. núm. 1755 en *id. ib.*, páxs. 283-284.

<sup>24</sup> Posiblemente trátase dun personaxe pertencente á estirpe lucense dos Temes. En decembro de 1362 documéntase a frey Juan Pérez de Milleirós, frade do mosteiro mendicante de Santa María de Bonaval, que afora Ares González Xarpa, cidadán de Santiago, uns bens en San Simón de Ons de Cacheiras (Teo. A Coruña) “o qual casal et herdades, segundo fito he, et conas probrañças que ora estan enno dito casal et herdades a min perteeçen por parte de meus padre et madre Iohan Peres de Mileyroos, scudeyro, et sua moller Tareiga Peres, que foron, et por herança de meus yrmaos Pero Goterres et Garçia Goterres, que foron”: véxase doc. 241 en María Xosé **Justo Martín** e Manuel **Lucas Álvarez**, *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da Serie BENS do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537) (Edición diplomática)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1991 (Col. Fontes Documentais para a Historia de Galicia), páxs. 246-247.

<sup>25</sup> Véxase doc. núm. 1691 en *id. ib.*, páxs. 230-232.

En setembro de 1373 Nuño Gómez xa falecera, pois nun foro que o abade frey Afonso de Oseira concede ao escudeiro García Pérez, morador en “Sam Julao de Ribella” (Coles) de “las herdades et casas et vinas et arvores et foros et dereytos et dereyturas” que posee o mosteiro na aldea de Levices (San Miguel de Melias. Coles) especificase que “as quas herdades forom de Nuno Gomes de Vilarino”, e polas que terá que pagar corenta libras en diñeiros blancos<sup>26</sup>. Tamén se conserva a súa memoria en outro foro outorgado en 1378, ao aforar o mesmo abade de Oseira a Ruy García, de Barrán, o lugar de Senderiz “dicho da Pousa e o casar de Sigiraes”, ambolos dous en San Xoán de Barrán (Piñor) que “había dado al monasterio Nuño García de Villarino” por pago de tres fanegas de centeno<sup>27</sup>.

Polo visto, parece interpretarse que Nuño Gómez de Vilarino deixou un importante lote de bens ao mosteiro de Oseira ó redor dos actuais municipios ourensáns de Piñor e Coles; deste feito non se pode deducir que non tivese sucesión do seu matrimonio con Aldonza Pérez. O substancioso foro dos seus bens outorgado ao escudeiro García Pérez<sup>28</sup> podería ser un indicio de parentesco entre ambos—incluso con Ruy García (ou Gómez) de Barrán, que se beneficia do lugar de Senderiz “dicho da Pousa”—, bens que como se verá máis adiante continuarán nas mans dos Vilarino.

### Gonzalo Gutiérrez de Vilarino

No ano 1379, de novo no mosteiro de Oseira, documéntase a Gonzalo Gutiérrez de Vilarino, escudeiro, recibindo foro xunto a súa muller Constanza Fernández do lugar de Freixedo (p. Santa Baia de Longos. San Cristovo de Cea) por seis libras de pan e outros servizos<sup>29</sup>. Uns anos antes, en abril de 1373 o abade de San Clodio do Ribeiro (Leiro) aforaba ao escudeiro Gonzalo Gutiérrez de Vilarino, a súa muller Constanza Fernández e a unha voz “todos los herdamentos et cassas et viñas et erdades et foros et bêês” que Lourenzo Yáñez de Ourantes e a súa muller Teresa Fernández “vosos avoos que foron” tiñan do mosteiro a súa morte “et depois Eynes Lourença, sua filla et vossa madre, que foy” nas fegresías de Santiago e Santa Mariña de Esposende (Ribadavia y Cenlle), por pago do recoñecemento e foros que pagaban os seus antecesores<sup>30</sup>. A filiación non se sabe se fai referencia aos ascendentes de Gonzalo ou da súa muller Constanza—máis ben parece que a esta última—e dedúcese que a cuantía dos bens aforados era de importancia. En agosto de 1396, nunha pesquisa realizada a petición do abade de San Clodio, sobre os bens que posee o mosteiro en Esposende, dise que “o lugar do Campo, que teen os fillos de Gonçaluo de Goterres an de fazer del foro d’aquelo que y Deus der, et demays duas lampreas”, polo que se deduce o seu falecemento antes desa data<sup>31</sup>.

En abril de 1433 pode documentarse unha referencia histórica deste personaxe: a abadesa de San Miguel de Bóveda houbo de recibir

*“todos los herdamentos, casas et arvores, herdades et cortinas laurados et por laurar anuados et por anobarde et por anobar (sic) (...) enna frigesia de Santa Maria de Castelo d’Asma et en seus termynos, et enna aldea de Quintan, et con seus termynos, que he todo en terra de Tavoada do alfos de Chantada (...) que abra quinze annos et vinte annos et mayz tempo que llos non pagaran dos ditos herdamentos, nen lle mostraran cartas nen contrauptos que ninhuas personas tenesen de foro aos ditos herdamentos acomo quer por elo abia rrequerido por moitas veses”.*

Polo tanto, afora eses bens a Afonso de Moreda, fillo de Vasco de Moreda, e a tres voces “segundo as trouxo a jur et a maaon” o escudeiro Gonzalo Gutiérrez<sup>32</sup>.

<sup>26</sup> Véxase doc. núm. 1814 en *id. ib.*, páxs. 331-332.

<sup>27</sup> Só se conserva o extracto do “Repertorio” de Oseira, polo que se deduce que o “García” debe ser un “Gómez”: véxase doc. núm. 1859 en *id. ib.*, páx. 362.

<sup>28</sup> En marzo de 1359 documéntase ao escudeiro García Pérez de Ribela pleiteando coa abadesa de San Miguel de Bóveda (Amoeiro) polo arrendo que ela lle fixera de todos os bens que o mosteiro tiña en San Xoán de Coles en febreiro de 1357: tamén se documenta en decembro de 1374 recibindo foro de seis leiras de viña en Santa Marta de Velle (Ourense) por parte do prior do mosteiro de San Pedro de Rocas: véxanse respectivamente, docs. núms. 17 e 18 en Adolfo **Fernández Fernández**, *O Mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media. Estudo histórico e colección documental (séculos XII-XV)*, Noia, Editorial Toxosoutos, 2005 (Serie Trivium, 17), páxs. 141-145 e docs. núms. 112 e 114 en Emilio **Duro Peña**, *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1972, páxs. 213-215.

<sup>29</sup> Véxase doc. núm. 1868 en Miguel **Romaní Martínez**, et al., *Colección Diplomática...*, vol. III, páx. 369.

<sup>30</sup> Véxase doc. núm. 369 en Manuel **Lucas Álvarez** e Pedro **Lucas Domínguez**, *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*, Sada, Edicións do Castro, 1996 (Galicia medieval. Fontes, 1; Publicacións do Seminario de Estudos Galegos), páxs. 502-503.

<sup>31</sup> Véxase doc. núm. 401 en *id. ib.*, páxs. 530-532.

<sup>32</sup> Véxase doc. núm. 37 en Adolfo **Fernández Fernández**, *O Mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda...*, páxs. 178-180.

Polo que parece interpretarse do documento, Gonzalo Gutiérrez debeu disfrutar de forma fraudulenta estes bens monásticos do Sur da actual provincia de Lugo, o que demostra unha vez máis o poder e a forza usurpadora destes escudeiros que aínda sendo descoñecidos, mediatizaron a vida cotiá dos cenobios galegos.

En maio de 1405 a abadesa do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón afora a Gutierre Gómez de Vilaríño, á súa muller Leonor Rodríguez e a unha voz os lugares de Casfigueiro e Cotelas (San Mamede da Canda) por pago de oito fanegas de pan<sup>33</sup>. Aínda sen poderse documentar, pero atendendo á asociación antroponímica e a súa cronoloxía, se podería supoñer a Gutierre Gómez fillo do escudeiro Gonzalo Gutiérrez de Vilaríño. Un documento outorgado en novembro de 1417 ofrece interesantes informacións: Leonor Rodríguez “moller de Goter Gomes de Vilarinno, que foy” co permiso do tutor do seu fillo Monino, Vasco Fernández de Moreda, e con outorgamento de Nuño Gómez de Vilaríño, “yrmao” de Gutierre Gómez, afora polo tempo que o ten de Oseira unha casa con o seu “celeiro” e o seu corral, e dúas cortiñas, todo elo sito “na aldea de Çea, que he en terra do Bolo de Senda, que esta açerca do forno que esta en fondo da dita aldea” por pago de dous marabedis, un carneiro e o tercio das cortiñas. Este foro foi outorgado en “a pousa de Nuno Gomes de Vilarinno”, que interveu como testemuña xunto dous de seus “homes”, un deles zapateiro<sup>34</sup>.

Polo menos desde o ano 1410 xa se documenta a Nuño González ou Gómez<sup>35</sup> de Vilaríño: nesta data doa ao mosteiro de San Clodio do Ribeiro os lugares do Campo e Mocaleira, en Esposende (Cenlle) e media pousa de Señorín (O Carballiño), que recibe de novo en foro, por pago do cuarto do pan e viño, e unha “porcalla” con pan e viño<sup>36</sup>.

Atendendo ás asociacións antroponímicas pódese supoñer a Nuño Gómez de Vilaríño de mediados do trescentos xunto a súa muller Aldonza Pérez como os pais do escudeiro Gonzalo Gutiérrez de Vilaríño, e polo tanto avó dos irmáns Gutierre e Nuño.

Un novo documento, de setembro de 1424, engade outro personaxe—sen poder tampouco precisarse o seu parentesco cos anteriores—chamado Álvaro Gómez de Vilaríño, que volve a aforar “huna casa que esta en a rua de Fondo, en a aldea de Çea, con seu çeleiro et cortinnas”, xunto a “huna geira de herdade en semente que jas en a herdade dos Casares, que seja de mina parte” por precio de doce marabedis. Como testemuña intervéñen un “home” de Álvaro Gómez<sup>37</sup>.

### Roy González de Vilaríño

É o personaxe mellor documentado en Oseira do seu grupo familiar. A súa filiación coñécese por unha escritura outorgada no mosteiro feminino de San Pedro de Vilanova de Dozón: en maio de 1432 outorga un documento no que se lle nomea escudeiro, fillo de Gonzalo Gutiérrez de Vilaríño e de Aldonza Afonso, no que cede a dona Inés García, abadesa de San Pedro de Vilanova de Dozón, todas as galiñas cebadas e o señorío alto e baixo que Juan Pérez cedera a o seu pai na aldea de Barrán (San Xoán de Barrán. Piñor)<sup>38</sup>. Como xa se veu, Gonzalo Gutiérrez de Vilaríño, documentado no último tercio do trescentos, estaba casado con Constanza Fernández en 1379, polo que se pode considerar a Aldonza Afonso como a súa segunda muller.

Támén Roy González tivo máis dun matrimonio: en decembro do ano 1424 se documenta a “Maria Anes de Merees, moller que foy de Ares Mosqueiro e muller que agora soo de Roy Gonsales de Vilaryno, escudeyro” aforando unha leira de herdade “chantada de vina” en San Cristovo de Regodeigón (Ribadavia) por pago dun puzal de viño “e non vindo por el eno tenpo da vendimia, que mo tenades ena cuba ata dia de Entroydo”<sup>39</sup>. Vinte anos despois, en concreto en 1446, o mosteiro de Oseira afora a Roy González de Vilaríño, “a su mujer Beatriz

<sup>33</sup> Véxase doc. núm. 2094 en Miguel **Romaní Martínez**, Pablo S. **Otero Piñeyro Maseda** e Margarita **Garrido**, *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourene) 1400-1435*, vol. IV, [s.l.], Tórculo; Departamento de Historia I, 2003, páxs. 65-66.

<sup>34</sup> Véxase doc. núm. 2279 en *id. ib.*, páxs. 329-331.

<sup>35</sup> Existen abreviaturas que presentan diferentes desenvolvementos e hai momentos nos que “Gs” pode ser un “Gómez” ou un “González”: se trata, en certa medida, dunha limitación da Paleografía que podería solventarse cun maior número de documentos transcritos.

<sup>36</sup> Véxase doc. núm. R295 en Manuel **Lucas Álvarez** e Pedro **Lucas Domínguez**, *El monasterio de San Clodio do Ribeiro...*, pág. 791.

<sup>37</sup> Véxase doc. núm. 2365 en Miguel **Romaní Martínez**, *et al.*, *Colección Diplomática...*, vol. IV, páxs. 438-440.

<sup>38</sup> AA, *Fondo de Pergaminos*, San Pedro de Dozón, caixón 2, mazo 2, núm. 231. O estado de conservación do pergameo é péximo e ademais está roto, polo que a lectura dos seus nomes é moi dificultosa.

<sup>39</sup> Véxase doc. núm. 12 en María del Carmen **Enríquez Paradela**, *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, 1987 (Anexo 8 del Boletín Auriense), páxs. 78-79.

Afonso y una voz”, o lugar de Vilaríño (San Mamede da Canda. Piñor), por pago de seis fanegas de centeo e outros servicios<sup>40</sup>.

En abril de 1439 noméase como “escudeyro do endeantado de Gallica” – que o era don Diego Pérez Sarmiento, conde de Santa Marta – nunha escritura na que “por amor de Deus e por las almas de meu padre e de meus aboos e de aqueles donde eu veño” donaba o lugar de Vilaríño de Cabo da parroquia de San Mamede da Canda (Piñor) “e apropio e unio para en todo sempre a a capela dos de Vilarino, que foy e he dotada de meu linagen”, sita no mosteiro de Santa María de Oseira, coa condición de “que eu aja en miña vida una razón tamaña como hun monge en o dito mosteiro quando eu en el estuber; e despois de meu finamento que esta razón que a aja para por todo sempre outra persona que seja o mays propinco e o mays vello de meu linagen en o dito mosteiro”, ademais da posesión do dereito de padroado de tal capelanía<sup>41</sup>. A doazón, polo que se ve, tiña unhas contrapartidas moi favorables aos de Roy González; unha vez máis, o contexto do outorgamento desta escritura é descoñecido, pero o máis probable é que eses bens serían levados de forma fraudulenta, e para que non existisen males maiores, os monxes ursarienses preferían “mantelo” que telo como inimigo<sup>42</sup>.

Roy González de Vilaríño interven de novo en abril de 1436 para defender os seus dereitos sobre as súas herdades de “Alongos” (p. Santa Baia de Longos); debía ter serios problemas sobre a lexitimidade das súas posesions pois requiriu cunha carta de excomunió do abade da Trínidade (Ourense) e vicario do bispo de Ourense a dous veciños para que declarasen o que sabían delas<sup>43</sup>.

En xullo de 1442 recibe foro do abade frey Juan de Sante de Oseira, e a dúas voces, da metade do lugar de Fondo de Cea – a outra metade xa a levaba – por pago de dúas fanegas de pan, unha de centeo, otra de millo miúdo e dous marabedís; e as voces, dúas fanegas de centeo e dous marabedís<sup>44</sup>; desta maneira Roy González irá aumentando as súas posesións.

Resulta de especial interese o seu testamento, outorgado en xaneiro de 1448 na pousa de Vilaríño (San Mamede da Canda), a pesar de que antes desta data intervén, como se verá, noutras escrituras. Nómbrase escudeiro, e “sentíndome moyto agrabeado en o corpo de grabe” manda que o enterren na capela de San Andrés do mosteiro de Oseira; a súa filla Inés de Vilaríño, muller de Lopo de Sanín, a “alço por boz” dos seus lugares de Ansamonde (San Martiño do Lago. Maside) e do Pumar (p. San Xoán de Coiras. Piñor), “que son en o Chao de Castela”; tamén as viñas de “Buças”, en San Xoán de Ourantes (Punxín) e de “Vilaverde”, dous puzales de viño que recibe de renda, outros dous e medio de viño branco, “as tres terças” do lugar do Pereiro, en San Mamede de Palmés (Ourense), o lugar de Quintela (San Xoán de Coiras), e todos os seus bens en Santa Baia de Longos (San Cristovo de Cea). Ao seu sobriño Gutierre de Vilaríño “a mynna terça parte da pousa de Vilarinno, segundo esta partida”; a súa muller Beatriz Afonso lle deixa a pousa de Senderiz cos seus lugares (San Xoán de Barrán. Piñor), para que “a tenna en sua vida et a o tempo de seu finamento que fique livre et quita a o meu neto Roy, fillo de frey Romeu, et finandose este moço sen ydade, que se torne a suas yrmaas et mynnas netas”. Ao seu sobriño Lopo de Vilaríño mándalle “por bos dos meus lugares, o de Fondo de Cea et o do Pedrouço”. Recoñece deber a frey Romeu cinco doblas de ouro e noventa marabedís polo que “lançolle por elo a prendas os meus lugares, o d’Ansamonde et o do Pumar, et as mynnas vinnas de Bouças et de Vilaverde, que se pagar para esto, et se lle mynna filla der os maravedis, que tenna as ditas propeydades”. Entrega o couro de Torrecela (Santiago de Torcela. Piñor) ao mosteiro de Oseira, salvo que aínda non falecese<sup>45</sup>, e finalmente, manda certas cantidades de diñeiro ás igrexas de Torrecela,

<sup>40</sup> Véxase doc. núm. 2613 en Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *Colección Diplomática...*, vol. V, páx.. 99.

<sup>41</sup> Véxase doc. núm. 2501 en *id. ib.*, páxs. 27-28.

<sup>42</sup> En 1624 hai noticia de que Jorge de Barros, receptor, executou “una ejecutoria del lugar de Villarino de Cabo que por otro nombre se llama de los Escudeiros dimanada de la Audiencia Real de este Reino de Galicia”: véxase M.ª José Portela, Margarita Garrido e Miguel Romani, (ed.), *Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo Bajo: Catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*, [Santiago de Compostela], Tórculo Edicións, 1993, páx. 184 do *Repertorio*, e 309 da edición.

<sup>43</sup> Véxase doc. núm. 1230 en Emilio Duro Peña, *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense: 888-1554*, Orense, Instituto de estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1973, páx. 296. O documento editao Anselmo López Carreira, *Estudio sincrónico da economía de Ourense no século XV*, Memoria de Licenciatura inédita, Santiago, Universidad de Santiago de Compostela, 1983.

<sup>44</sup> Véxase doc. núm. 2556 en Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *Colección Diplomática...*, vol. V, páx. 60.

<sup>45</sup> Esta manda dí o seguinte “pasando agora en a morte que leixo et torno o meu couro de Torrezela a o mosteiro d’Oseira, et tomando a vida que o tenna *ser (sic)* o dereyto tinna”; na edición do documento xa se chamou a atención sobre as diferenzas que existen entre o texto do pergameo orixinal e a copia do “Repertorio” de Oseira, que edita esta cláusula así: “por quanto me sinto moyto encarrejado en miña conciencia do couro de Torrezela que teño aforado do mosteiro de Santa Maria d’Oseira, que por ende de oje día da fata de meu testamento, que por mi e por miñas vozes demito e torno e leixo libremente o dito couro a o dito mosteiro, renunciando e partindo e amovendo de mi o foro e dereito e señorío e jur e posion que avia a o dito couro; e todo o dou e torno e outorgo a o dito mosteiro para que de aquí endeante



de Carballeda (p. Santa María de Carballeda. Piñor), de San Xoán de Barrán (Piñor) e Santa Baia de Longos (San Cristovo de Cea) “et para esto que os clérigos destas iglesias, que me tragan en suas oraçions”<sup>46</sup>.

Entre as testemuñas do testamento cítase a Lourenzo de Vilaríño, posible irmán de Roy, que se volve a documentar en Oseira en setembro de 1449 cando recibe foro, xunto á súa muller Teresa Eanes e a dúas voces, do lugar de Vilaríño “que mandou Roy Gonsales a capella d’Oseyra” por pago de dúas fanegas de centeo, dúas galiñas e catro marabedís en moeda vella<sup>47</sup>. Estes personaxes tamén se documentan anos antes, concretamente en novembro de 1431, cando Lourenzo Yáñez de Vilaríño, xunto coa súa muller Teresa Eanes, reciben da abadesa de San Pedro de Vilanova de Dozón, e a tres voces, los lugares de Reda y Cimadevila, en San Mamede da Canda (Piñor) por pago de catro fanegas e media de centeo e nove marabedís por direiturax e outros oito por luçtuosa<sup>48</sup>.

En síntese, Roy González de Vilaríño, escudeiro do Adelantado Diego Pérez Sarmiento<sup>49</sup>, foi fillo de Gonzalo Gutiérrez de Vilaríño, documentado no último tercio do trescentos, e de Aldonza Afonso; tiña – posiblemente de forma ilícita – o couto de Torrecela, a pousa de Senderiz – onde quizais residía –, e a de Vilaríño, da que tiña a terceira parte posiblemente por partixa entre os seus irmáns. Como el recoñece, a súa liñaxe estaba moi ligada á capela de San Andrés de Oseira, de aí que se lle coñece como “dos de Vilaríño”, o que fai supoñer que a súa vinculación co mosteiro ursariense foi apoio principal no seu despegue patrimonial, centrado en torno aos actuais municipios de Piñor e San Cristovo de Cea. Casaría en dúas ocasións, primeiro, en terras do Ribeiro de Avia, con Maria Anes de Merés, e despois con Beatriz Afonso; de unha delas nacería frey Romeu, que pola súa parte tería varios fillos – quizais todos naturais – entre eles ao seu homónimo Roy.

Trátase dun escudeiro que sen pertencer a recoñecidas estirpes galegas, vai medrando ao amparo dos grandes señores laicos e eclesiásticos, como parece tamén fórono facendo os seus antepasados.

### A parentela de Roy González de Vilaríño

Unha filla de Roy González de Vilaríño, mellorada no seu testamento, sería Inés de Vilaríño, muller de Lopo de Sanín, personaxe posiblemente oriundo de San Pedro de Sanín (Ribadavia). Sen poderse precisar documentalmente, supóñese que foron fillos seus Inés e Broz López de Vilaríño. A primeira, en agosto de 1492 documéntase recibindo foro de dona Isabel de Ulloa, abadesa de San Pedro de Vilanova de Dozón, xunto co seu marido Gómez de Rapela, escudeiro, veciño de Ribadavia, e a tres voces, o lugar de Pumar, parroquia de Santa Comba do Trevoedo (Maside. Ourense), como xa o traía, por tres puzales de viño rosete ao ano<sup>50</sup>. E o escudeiro Broz López de Vilaríño intervén nun documento outorgado en decembro de 1478, onde xunto coa súa muller Inés Fernández reciben foro de Oseira, e a dúas voces, do lugar de Anllo, na parroquia de San Cibrao de Castrelo (San Cristovo de Cea), por pago de cinco fanegas de centeo, seis marabedís vellos e a condición de “et quitarnos edes de vosos yrmaos a pas et a salvo, so penna de perderdes este dito foro”, e interviñendo como testemuña “el sensor conde de Rybadavea”<sup>51</sup>, o que fai supoñer que Broz López pertencía á hoste de don Bernardino Pérez Sarmiento<sup>52</sup>.

Roy González de Vilaríño nomea como sobriños no seu testamento, sen saber se entre eles eran irmáns, a Lopo e Gutierre de Vilaríño. Tamén menciona como neto a outro Roy “fillo de frey Romeu”.

o dito mosteiro o posa receber libremente sen contradición outra alguna e fazer del como de sua cousa propia. E digo que qualquier que da miña parte contra esto for, que aja a yra de Deus e de Santa Maria e a miña maldiçon conpridamente, e este asi o mando cumprir por esta miña postrimera boontade”. Se o feito pode ser o mesmo, a fortaleza expresiva é ben distinta, o que fai pensar se as copias de documentos – ou traslados deles – nos tumbos monásticos, respecto a aspectos controvertidos, faltan ou non á realidade histórica. Desde logo, o couto de Torrecela pertencía ao mosteiro de Oseira alomenos desde antes do ano 1211, cando o rei Alfonso IX confirma a Oseira a posesión e liberdades, entre outros, do “cautum de Torrezela quod de me comparastis”: véxase doc. núm. 143 en Miguel **Romaní Martínez**, *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1025-1310*, vol. I, Santiago, Tórculo Edicións, 1989, páxs. 147-148.

<sup>46</sup> Véxase doc. núm. 2636 en Pablo S. **Otero Piñeyro Maseda**, *Colección Diplomática...*, vol. V, páxs. 113-117.

<sup>47</sup> Véxase doc. núm. 2653 en *id. ib.*, páxs. 131-132.

<sup>48</sup> AA, *Fondo de Pergaminos*, San Pedro de Dozón, caixón 2, mazo 2, núm. 230. O estado de conservación do pergameo é péximo, polo que a lectura dos seus nomes é moi dificultosa.

<sup>49</sup> Anselmo **López Carreira** inclúeno na nómina de escudeiros localizados en Ourense entre 1430 e 1439: véxase *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*, [Ourense], Deputación Provincial, d.l. 1998, pág. 576.

<sup>50</sup> AA, *Fondo de San Payo*, A-1.B, Pauta II, fol. 303r.

<sup>51</sup> Véxase doc. núm. 2994 en Pablo S. **Otero Piñeyro Maseda**, *Colección Diplomática...*, vol. V, pág. 367.

<sup>52</sup> Como xa se advertiu liñas atrás, localízase ao Sur de Portugal, en 1374, un “Brás?” Fernandes Vilarinho como comendador de Messejana (Aljustrel) da Orde de Santiago, o que pode ser significativo, dada a rara asociación antroponímica con un nome tan pouco frecuente.

### Lopo González de Vilaríño

Documéntase en maio de 1453 como escudeiro “vezino da villa de Riudavia” aforando “en no tempo et voces en que o eu teno aforado do moesteyro de San Cloyo” o lugar do Campo “con suas casas et viñas et cortynas” salvo a “adega do Canpo con sua camara et resyo que esta tras la adega” por pago de vinte e catro maravedís de moeda vella, noventa por luictuosa e certa cantidade de viño polas viñas “asy branco conmo rosete”, e obrigación de poñer máis viñas no monte<sup>53</sup>. O lugar do Campo de Esposende donárao a San Clodio Nuño Gómez de Vilaríño, como xa se dixo, na primeira década do catrocentos, polo que se pode supoñer a Lopo González fillo de Nuño, establecendo así unha liña dos Vilaríño en Ribadavia.

O mesmo Lopo González tamén se documenta no mosteiro de Oseira, en maio de 1461, como testemuña dun foro outorgado en Ribadavia<sup>54</sup>. Anselmo López Carreira menciona a un “Lopo de Vilaríño” como “fidalgo” ourensán entre 1430 e 1439, sen saber agora con precisión se se trata ou non do mesmo personaxe<sup>55</sup>; ao mesmo Lopo de Vilaríño, fidalgo, se refire un documento datado en novembro de 1437 e outorgado por o concello ourensán “escripuindo os omees de pe fidalgos pera gerra que noso señor El Rey ha con os mouros de Granada”, no que figura xunto con Gómez de Chantada, Nuño Vázquez e Rodrigo Ares, “fidalgos” e “todos estes son familiares e criados e paniaguados do noso señor obispo et non son vesiños da dita çibdade”<sup>56</sup>. No ano 1441 menciónase a Lopo González de Vilaríño como “criado” do bispo de Ourense don Diego Rapado<sup>57</sup>, o que lle posiciona nun importante posto de influencia no cabido ourensán; a súa posición social non era desdeñable pois se documenta con criados ao seu servizo alomenos desde 1435<sup>58</sup>.

### Isabel González de Vilaríño

Arredor de 1453 figura Lopo González de Vilaríño, escudeiro, precisamente como levador dun foro do cabido ourensán e a seis voces, do casal de Vilamoure, “que jaz eno Chao de Castela”, na parroquia de Santo Estevo de Vilamoure (Punxín. Ourense), por pago de cincuenta e seis maravedís “longos”<sup>59</sup>; anos despois, en Ribadavia, en marzo de 1494, Isabel González de Vilaríño, filla de Lopo González de Vilaríño, outorga poder ao seu marido o escudeiro Gonzalo Fernández de Toubes, para renunciar e doar ao cabido de Ourense o dereito de presentación de San Martiño de Alongos (Toén. Ourense) con todas as súas herdades, xunto co lugar de Vilamoure “que fue de su padre”, que seguramente levaba sen dereito algún<sup>60</sup>.

No último tercio do século XV “la mujer de Gonzalo Fernández de Toubes” levaba pola forza dúas fanegas de centeo e catro maravedís vellos en San Martiño de Beariz (San Amaro. Ourense)<sup>61</sup>. Resulta de sumo interese que en dúas igrexas de A Peroxa, en concreto San Cristovo do Souto e San Vicente de Graíces compartise Isabel González de Vilaríño o “padroeiro” con Diego de Lemos, que se pode identificar co caudillo Irmandiño, señor de

<sup>53</sup> Véxase doc. núm. 569 en Manuel **Lucas Álvarez** e Pedro **Lucas Domínguez**, *El monasterio de San Clodio do Ribeiro...*, páxs. 683-684.

<sup>54</sup> Véxase doc. núm. 2781 en Pablo S. **Otero Piñeyro Maseda**, *Colección Diplomática...*, vol. V, páxs. 194-195.

<sup>55</sup> *A cidade de Ourense no século XV...*, páx. 577.

<sup>56</sup> Véxase doc. núm. 164 en Jesús **Ferro Couselo**, *A vida e a fala dos devanceiros: escolma de documentos en galego dos séculos XIII a o XIV*, Vigo, Galaxia, 1967, vol. 2 (Terras de Ourense), páxs. 170-171.

<sup>57</sup> Véxase doc. núm. 4 del Apéndice IV (Concello) en Anselmo **López Carreira**, *A cidade de Ourense no século XV...*, páxs. 667-668.

<sup>58</sup> Documéntase ao seu criado Pedro implicado xunto a outras tres persoas no asasinato de Álvaro da Seara, morto por “huna ferida enna cabeza” na rúa da Obra de Ourense “et non facendo nen disendo mal a persona alguna por que mal deve de receber”: véxase doc. núm. H33 en Anselmo **López Carreira** (ed.), *Fragments de notarios (Ourense, séculos XIV-XVI)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, 2007 (Fontes para a Historia de Galicia, 6), páxs. 470-471. Non debeu ser condenado porque en abril de 1457 se lle documenta adquirindo en poxa pública – posiblemente en nome de Lopo – seis cargas de viño por precio de trinta maravedís cada moio: véxase doc. núm. E59 en *id. ib.*, páxs. 268-271.

<sup>59</sup> Véxase María Beatriz **Vaquero Díaz**, *Libro das posesións do Cabido Catedral de Ourense (1453). Edición, transcripción e índices*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2005, fol. 46r., páx. 117 de la ed.

<sup>60</sup> Véxase doc. núm. 1536 en Emilio **Duro Peña**, *Catálogo de los documentos privados...*, páx. 355. Confirma este “padroeiro” Cándido **Cid**, “Una visita pastoral de la diócesis Auriense en 1487”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 6, núm. 124, páx. 84. En outubro de 1507, Gonzalo Fernández de Toubes “fidalgo con outorgamento de miña moller” Isabel González de Vilaríño, ambos veciños de Ribadavia, aforan a cinco voces a herdade de viña de Pena Quebrada por pago dun moio de viño branco: véxase doc. núm. 29 en María del Carmen **Enríquez Paradelo**, *Colección diplomática...*, páxs. 97-98.

<sup>61</sup> Véxase Cándido **Cid**, “Una visita pastoral...”, 5, núm. 110, páx. 230.

Ferreira e Sober<sup>62</sup>, e no caso do Souto na proporción 2/3 o de Lemos, 1/3 a de Vilaríño<sup>63</sup>. Non se pode precisar polo momento se en algunhas xeracións pasadas habería algunha filiación común.

O escudeiro Gonzalo Fernández de Toubes suponse fillo de Afonso Fernández de Toubes, escudeiro do conde de Santa Marta a mediados do catrocentos<sup>64</sup>. Gonzalo, pola súa parte, parece o era do conde de Ribadavia don Bernardino Pérez Sarmiento, pois figura como testemuña xunto a Broz López de Vilaríño, – do que xa se falou – tamén escudeiro, e Pedro Vázquez de Puga, meiriño de Roucos (Cenlle), nunha escritura de concerto de maio de 1499 entre os frades do mosteiro de Santo Domingo de Ribadavia e o propio conde, sobre os dereitos que reclamaba o citado mosteiro sobre a auga dun canle que o conde utilizaba para servizo da súa fortaleza de Ribadavia<sup>65</sup>.

María del Carmen Enríquez Paradelo informa dunha interesante fundación do matrimonio Toubes e Vilaríño extraída do Arquivo Histórico Provincial de Ourense: en 1516 Gonzalo Fernández de Toubes e a súa muller Isabel González de Vilaríño doan á súa capela de San Jorge, que estaba no mosteiro de Santo Domingo de Ribadavia “junto a la pared de Sacristía” cuatro fanegas de centeo no lugar de Casandulfe, en San Paio de Loeda (Piñor), tres fanegas de centeo no de Castrelo de San Cibrao (San Cristovo de Cea), e o casal de Vilaríño, en San Miguel de Carballeda (Carballeda de Avia), con carga dun responso con auga bendita a véspera de Santo Domingo, unha Misa rezada co seu responso todos os venres do ano, e outra cantada, tamén con responso, no mes de agosto, diante da imaxe de Nosa Señora da referida capela; en 1522 engade Isabel González de Vilaríño á doazón de dous moios de viño, e en 1523, o seu marido engade a carga de dúas misas semanais cos seus responsos, unha o venres e outra o sábado<sup>66</sup>.

O P. Aureliano Pardo Villar apuntaba ademais que

*“de la antigua capilla de San Jorge dice Avila y la Cueva, que estaba «al costado norte de la iglesia, entre esta y la sacristía, y la demolieron los Religiosos en mis días para hacer allí otra obra; había en sus paredes a bastante altura del suelo dos magníficos sepulcros, uno al naciente y otro al lado opuesto, en que yacían el caballero Gonzalo Fernández de Toubes, y en el otro la noble señora Isabel González Vilaríño, su mujer, que fabricaron y dotaron con muchas rentas dicha Capela en los primeros años del siglo XVI». Para mayores detalles acerca de su situación, añadiremos con Boán, que se hallaba a la derecha de la puerta lateral de entrada a la iglesia»<sup>67</sup>.*

Unha mágoa que a ignorancia de outrora e o pouco aprecio – posiblemente en ocasións fundamentado – que gozaban os monumentos funerarios de determinados personaxes a ollos dos eclesiásticos prive ás xeracións futuras dos testemuños da Historia nestes enterramentos. Ademais de interesantes inscricións alusivas, poderían estar esculpidas as armas dos Vilaríño, que ata o momento non foron identificadas por non se localizar testemuños medievais ou dos primeiros anos do século XVI. Eses emblemas heráldicos poderían ofrecer importantes pistas sobre a orixe da estirpe.

### Gutierre González de Vilaríño

Non pode precisarse o parentesco de Gutierre de Vilaríño, beneficiado polo seu tío Roy González nun tercio da pousa de Vilaríño, con Leonor Rodríguez e Gutierre Gómez de Vilaríño. Documentábase alomenos desde 1434 intervindo primeiro como testemuña nunha escritura de foro que o abade de Oseira outorga ao fillo dun notario de Ribadavia, dunha leira de monte en San Cristovo de Regodeigón (Ribadavia)<sup>68</sup>. A seguinte nova na

<sup>62</sup> Sobre a liñaxe dos López de Lemos, véxase o completo estudio de Eduardo **Pardo de Guevara y Valdés**, *Los López de Lemos, señores de Ferreira y Sober. El linaje y sus parentelas en los siglos XIV al XVI*, [en prensa].

<sup>63</sup> Véxase Cándido **Cid**, “Una visita pastoral...”, 5, núm. 114, páx. 325.

<sup>64</sup> Afonso Fernández de Toubes documéntase en decembro de 1445 xunto a Pedro Ougea de Albán e Sueiro de Villamarín como “escudeiros do señor conde de Santa Marta”, asegurando ao concello de Ourense “como fidalgos et escudeiros” a libre circulación dos ourensáns polas terras e señoríos do conde para asistir as súas feiras: véxase doc. núm. 174 en Jesús **Ferro Couselo**, *A vida e a fala dos devanceiros...*, vol. 2, páx. 179. A explicación contextual deste documento en Gonzalo Francisco **Fernández Suárez**, *La nobleza gallega entre los siglos XIV-XV...*, páxs. 147-151.

<sup>65</sup> Véxase doc. núm. 51 en Gonzalo Francisco **Fernández Suárez**, *La nobleza gallega entre los siglos XIV-XV...*, páxs. 560-562.

<sup>66</sup> Véxase María del Carmen **Enríquez Paradelo**, *Colección diplomática...*, páx. 22. No ano 1550 Sebastián González da Capela doa á citada capela un moio de viño, con obrigación de se enterrar alí, e no seu defecto, “en la sepultura de su padre, ante el altar de San Sebastián”.

<sup>67</sup> Véxase Aureliano **Pardo, OP**, “El convento de Santo Domingo de Ribadavia”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 9, núm. 206, páx. 415.

<sup>68</sup> Véxase doc. núm. 2447 en Miguel **Romaní Martínez**, et al., *Colección Diplomática...*, vol. IV, páxs. 536-538.

que se menciona, tamén de 1434, é un brevísimo extracto dun documento no que xunto á súa muller – que non se nombra – recibe en foro de Oseira a “granxa” de Torrecela (Santiago de Torcela. Piñor)<sup>69</sup>. En xullo de 1453 intervéñen como testemuña nunha escritura outorgada en Pambre na que Fernán Ares Nogueiro recibe de Lopo Sánchez de Ulloa, “vasalo de noso sennor el rey” o beneficio de San Breixo de Monterroso (San Salvador de San Breixo. Monterroso. Lugo) e o tercio sen cura da igrexa de San Xián de Insua (Taboada. Lugo) “segundo que os soya teer et pesuyr voso sogro Ares Conde, que Deus aja”<sup>70</sup>. Esta escritura sitúa a este Gutierre González entre os escudeiros da gran Casa de Ulloa, xunto aos renombrados Nogueiro, que tamén derivarían en algunha das súas liñas cara á terra de Riba de Miño (Ribadavia)<sup>71</sup>.

Tampouco pode precisarse o seu matrimonio con Violante Vázquez de Puga: no traslado dunha escritura de partixas dos bens de Pedro Vázquez de Puga e da súa muller Guiomar Lourenza outorgada en maio de 1437 se documenta a “Violante Vazquez, muger de Gutierrez Gonzalez”<sup>72</sup>. Deste matrimonio puido haber outra Violante Vázquez de Puga, documentada en febreiro de 1493 como prima de Nuño González de Puga, merino de Allariz; recibe o tratamento de “dona” e ten alomenos un criado a o seu cargo<sup>73</sup>.

Anselmo López Carreira documenta entre 1430 e 1439 a un escudeiro de García Díaz de Cadórniga chamado “Goterre González”, que podería identificarse co personaxe visto recibindo bens en Oseira<sup>74</sup>; e en 1434 tamén o documenta como morador na rúa das Chousas de Ourense<sup>75</sup>. Tamén son moi interesantes as mencións a Gutierre González no “Libro de notas de Álvaro Afonso” de 1434: en marzo se lle cita como escudeiro, posesor dunha herdade en San Xurxo da Touxa (Taboadela. Ourense)<sup>76</sup>; e no mes de agosto do mesmo ano é citado varias veces: primeiro recibindo “huna cota e con huna taça” que lle “frontou” Gonzalo Yáñez, e prometendo Gutierre “que era prestes de as quitar”<sup>77</sup>; a continuación, nomeado como escudeiro de Fernando Enríquez<sup>78</sup>, era requirido por Afonso de Abreal para que lle aceptase o pago do foro dunha casa “ao Postigoo de San Francisco” da cidade de Ourense, e que por non querelo recibir, entablaba pleito con el<sup>79</sup>.

A pobreza e inexactitude das novas respecto a Gutierre González fai incluso dubidar de se se trata do mesmo personaxe, pois figura nunha época cercana tanto ao servizo de García Díaz de Cadórniga como de Fernando Enríquez, ambos personaxes vinculados ao concello ourensán, pero tamén á gran Casa de Ulloa<sup>80</sup>.

No segundo tercio do catrocentos un Gutierre de Vilariño xa falecera con sucesión, pese a que dela aínda nada se sabe: na igrexa de San Fiz de Brués (Boborás) se declara en torno a 1480 que “outros fidalgos por imposición lle demandan certos jantares, os cuales son os Darmas, e os de Puga, e os heredeiros de Juan Vecerra, García Carballo e os fillos de Guterre de Vilariño”<sup>81</sup>, nova que afianza a idea do seu matrimonio con Violante de Puga.

<sup>69</sup> Véxase doc. núm. 2452 en *id. ib.*, pág. 544. A inexistencia de máis mencións a esta escritura, que se presume debía ter importancia polos bens aforados, fan sospeitar da súa “autenticidade”, é dicir, de se foi un foro “de forza” e polo tanto “de facto”; tampouco se documenta en Oseira a granxa de Torrecela; o couto sí, como se veu nunha nota precedente, alomenos desde antes de 1211. Acaso podería confundirse “Gutierre” con “Roy”, e “granxa” por “couto”, aínda que esta suposición resulta francamente pouco convincente.

<sup>70</sup> “Testemuñas que foron presentes: Guterre Gonçalves de Vilarinno, Juan Nogeiro, Vasco de Palaço, Juan Belloos, fillo de Roy Vasques Nogeiro”: AHN, *Diversos*, Colección Diplomática, leg. 1, núm. 23.

<sup>71</sup> Véxase o caso, entre outros, de Gil Nogueiro en Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *La documentación del monasterio de Oseira (Orense) 1435-1485. Estudio, edición e índices. La huella de la nobleza*, Santiago de Compostela, tese doutoral inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, páxs. 853-855.

<sup>72</sup> Véxase *Memorial ajustado, hecho de orden del Consejo, con citación, y asistencia de las Partes, del Pleyto que en él siguió, en Grado de Segunda Suplicación, entre don Baltasar Manuel Pardo de Figueroa, Marqués de Figueroa, y de la Talaya, vecino de la Villa de Pontevedra, como marido, y conjunta persona de Doña Ana Jacoba de Valladares, núm. 57, y el abad, y monges de Nuestra Señora de Oseira, Orden de San Bernardo, n. 58. Sobre la pertenencia de la granja de la Cuqueira, sita en el Coto de Prado*, [Madrid, s.n., 1778], fols. 148r.-149v.

<sup>73</sup> Véxase doc. núm. 1527 en Emilio Duro Peña, *Catálogo de los documentos privados...*, pág. 353.

<sup>74</sup> Véxase Anselmo López Carreira, *A cidade de Ourense no século XV...*, pág. 576.

<sup>75</sup> Véxase doc. núm. 5 en Anselmo López Carreira, *Padróns de Ourense...*, pág. 46.

<sup>76</sup> Véxase doc. núm. 145 en Anselmo López Carreira (ed.), *Libro de notas de Álvaro Afonso: Ourense, 1434*, 2.<sup>a</sup> ed. corr., Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, 2005 (Fontes para a Historia de Galicia, 3), páxs. 82-83.

<sup>77</sup> Véxase doc. núm. 373 en *id. ib.* pág. 192.

<sup>78</sup> Marido dunha Leonor de Novoa: véxase doc. núm. 212 en *id. ib.* páxs. 117-118.

<sup>79</sup> Véxanse docs. núms. 374 e 375 en *id. ib.* pág. 192.

<sup>80</sup> Véxase Anselmo López Carreira, *A cidade de Ourense no século XV...*, páxs. 616-620.

<sup>81</sup> Véxase Cándido Cid, “Una visita pastoral...”, 5, núm. 116, pág. 352.

## Roy Fernández de Vilaríño

Finalmente, como neto de Roy González se cita no seu testamento a outro Roy “fillo de frey Romeu”: podería tratarse de Roy Fernández de Vilaríño, documentado entre 1482 e 1483 como “home” do abade de Oseira frey Ares de Santa María<sup>82</sup>. Sería unha boa posición, como persoa do séquito do abade, para o que parece ser un fillo natural dun fraile que non se puido localizar, ata o momento, en ningunha comunidade monástica.

## Outros personaxes do século XVI

Xunto a todos estes tamén figuran outros, sen filiación e nexos de unión coñecidos, posibles membros da liñaxe: por exemplo un Gonzalo de Vilaríño, que en 1494, despois de pleitear, se resigna a dar ao cabido ourensán os bens que ocupaba, feito polo cal os recibe en foro pois “por elo el meresçia galardón”<sup>83</sup>.

Na última década do século XV e ao longo do século XVI, moitos dos bens ursarienses da mordomía de Lueda (Piñor), especialmente os coutos de Lueda e Vilaríño, figuran case sempre vinculados aos Mosqueira, Noguerolos e Ougea de Albán; ata o momento non se puido documentar a liña de unión dos Vilaríño cos anteriores, sucedida probablemente a mediados do XV e motivada quizáis por segundos matrimonios. A fins do século XVI hai novas referidas ao lugar de Saa, en San Xoán de Sadurnín (Cenlle), do mosteiro de Melón, “de que se solía pagar moyo y medio de vino a Rodrigo Gonsales de Villarino”; algúns dos levadores deste lugar eran Antonio de Puga, marido de Lucrecia Pérez, Úrsula de Novoa, muller de Juan de Deza, e Ana de Novoa, muller de Baltasar Mosquera, xunto aos menores dun Pedro Ougea de Albán<sup>84</sup>. Por esas mesmas datas tamén se documenta ao notario Rodrigo González Vilaríño por terras de Lalín<sup>85</sup>. O mesmo pódese dicir coa nova de que en 1563 Gutierre González de Vilaríño “en nombre y como procurador del cardenal García Díaz de Mosquera, como heredero del canónigo Gonçalo de Ulloa, su padre”, se nomea segunda voz dun foro outorgado por Melón en 1537 de todo o que o mosteiro posuía en Santa María de Lamas (Leiro), Portatón e lugar de Pazos de Castrelo, que outorgárase a Gonzalo de Ulloa e Mayor de Ulloa, e como antes o tiña Pedro Ougea de Albán, por precio de novecentos dous marabedís e obriga de facer apeo de seus bens<sup>86</sup>.

Roy González de Vilaríño e Gutierre de Vilaríño, polo que se ve, convertíronse tamén en asociación antroponímica referente da súa liñaxe en época moderna.

A pesar da cantidade de novas documentais reunidas aínda falta moito por saber sobre a orixe e consolidación social dos Vilaríño, entre outras razóns pola abundante documentación que aínda permanece inédita. Os primeiros resultados alcanzados con esta metodoloxía parecen ofrecer, sen embargo, boas perspectivas de traballo.

## Conclusións

O apelativo “escudeiro” parece designar un oficio militar de personaxe nobre, cunha función específica na guerra. O caso de Lopo González de Vilaríño é significativo, pois recibe tanto o apelativo de escudeiro como o de fidalgo, incluso o de “omee de pe fidalgo” no contexto dun chamamento á guerra contra os mouros de Granada en 1437, o que pode acreditar o dito no comezo destas páxinas: unha función militar “de pe” moi diferente á reservada noutroa aos cabaleiros.

Os escudeiros encontran na fragmentada, caótica e señorializada realidade galega do trescentos e catrocentos un excelente caldo de cultivo para o seu progreso económico e social: a debilidade real favorece as súas posicións de presión, amparados polos seus maiores das casas nobres máis poderosas, como os Sarmiento ou os Ulloa, no caso analizado nestas páxinas. Encontran nos mosteiros—desprotexidos, a mercede dos nobres, pero moitos deles ricos en bens—as vítimas propicias: usurpación de coutos (que xera unha xerarquización e dereitos sobre persoas),

<sup>82</sup> Véxanse docs. núms. 3047, 3051 e 3067 en Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *Colección Diplomática...*, vol. V, páxs. 407, 411 e 427-428, respectivamente.

<sup>83</sup> Véxase Anselmo López Carreira, *A cidade de Ourense no século XV...*, páx. 369, n. 154.

<sup>84</sup> AHPO, *Tumbo de fray Lorenzo Pérez, de Melón*, Clero, Libro 339, Melón, fol. 203r.

<sup>85</sup> Véxase doc. núm. 347 en Isidro García Tato, *Las encomiendas gallegas de la Orden Militar de San Juan de Jerusalén. Estudio y edición documental*, vol. 1 (Época Medieval), Santiago de Compostela, CSIC; Xunta de Galicia, Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, 2004, páx. 407, punto 9—onde tamén se cita a “Juan González Villarino” e “Alonso Oxea”—; páx. 409, punto 39; páx. 431, punto 348; páx. 436, punto 372; páx. 445, punto 429; e páx. 452, punto 461.

<sup>86</sup> AHPO, *Tumbo de fray Lorenzo Pérez, de Melón*, Clero, Libro 339, Melón, fol. 135v. Tamén indica que a terceira voz sería don Fernando de Andrade en 1576.

de herdades (foros forzados) e patroados ou “igrexas” (fonte de ingresos regular e segura, instrumento de control e dominación social e política sobre os parroquianos). As súas bases económicas vanse consolidando.

Trátase dun desenvolvemento social dos escudeiros que vai necesariamente acompañado de progreso económico, fundamentado este último en bases maioritariamente agrarias de dudosa procedencia, aínda que non sempre serán as únicas. A inicial proxección local destes personaxes nobres, ou máis exactamente parroquial, tomará co paso do tempo un carácter comarcal, feito que favorecerá, naturalmente, a institución do morgado no último decenio do século XV.

A partir do reinado dos Reis Católicos a organización e control efectivo por parte da Coroa consolídase, os escudeiros obterán a perpetuidade na Idade Moderna eses bens que levaban pola forza “desde sus abuelos”, como ás veces se repite na documentación e pleitos conservados, de aí a multiplicación de pazos e casas nobles, “pousas”, que poblan xa desde o século XV a xeografía galega, en moitos casos sobre terras supostamente aforadas. A dependencia das institucións eclesiásticas era tal, que os que poden ser considerados os seus propios “solares”<sup>87</sup> pertencían en realidade a aquelas, de aí que se xerara a práctica habitual de usurpar eses bens que no momento de facer testamento se queren devolver aos seus propietarios eclesiásticos para redimir as súas culpas: é o caso da pousa de Senderiz de San Xoán de Barrán (Piñor) e posiblemente a de Vilaríño de San Mamede da Canda (Piñor). O mesmo pódese dicir dos dereitos pertencentes ao couto de Torrecela (Piñor)<sup>88</sup>.

Os escudeiros emparentaban con outras familias de escudeiros, práctica endogámica común entre a nobreza<sup>89</sup>: así pois, un escudeiro casaba cunha filla doutro escudeiro, como se puido ver no caso de Isabel González de Vilaríño, filla do escudeiro Lopo González, e muller do escudeiro Gonzalo Fernández de Toubes. Sen embargo, non se pode asegurar a tendencia á unión entre parentes, ou non se puido documentar, polo momento, nos Vilaríño. Posiblemente o sistema hereditario de tendencia máis igualitaria, podería determinar a descendencia, e documéntanse particións de propiedades tan significativas como as xa mencionadas “pousas”, neste caso a de Vilaríño.

Outro rasgo que se pode observar entre os escudeiros é a presenza de “homes” ao seu servizo – caso documentado en Nuño Gómez de Vilaríño – o que posiblemente permite ofrecer unha rede clientelar verdadeiramente tupida aos seus maiores. Tales “xefes” poden ser tanto laicos, de grandes casas nobiliarias – caso dos Sarmiento, condes de Ribadavia, con Roy González de Vilaríño ou Broz López de Vilaríño – como eclesiásticos ou institucións eclesiásticas – caso do bispo de Ourense Diego Rapado co seu “criado” Lopo González de Vilaríño –. As distintas xeracións parecen non mudar de filiación política: alomenos dúas xeracións dos Vilaríño son escudeiros dos Sarmiento; os Fernández de Toubes, tamén. Esta circunstancia non se confirma, sen embargo, en 1453 con Gutierre González de Vilaríño, personaxe documentado con Lopo Sánchez de Ulloa, vasalo do rei, da gran Casa de Ulloa. Esta significativa contradición ben merecerá un estudio detallado das alianzas nobiliarias daquel turbulento contexto histórico, ou acaso pode ser indicador do carácter “mercenario” ou pragmático destes personaxes.

Ao final dos seus días, os escudeiros contarán cun enterramento familiar: inscricións alusivas ás súas fundacións, representacións heráldicas da súa liñaxe ou, incluso, dos seus partidos nobiliarios. Os monumentos funerarios recordarán a súa existencia nas “súas” igrexas, capelas ou altares, caso da de San Andrés en Oseira – ou “dos Vilaríño” – ou de San Jorge dos Toubes e Vilaríño en Santo Domingo de Ribadavia. Co tempo poderán ser unha presenza incómoda para os cregos – posiblemente máis en sentido físico que mental –, e moitos serán desgraciadamente destruídos, como neses dous casos.

O detido análise de cada unha das liñaxes de escudeiros galegos protagonistas de tantos acontecementos da nosa Historia, ofrecerá unha imaxe moito máis clara do noso pasado; posibilitará que as conclusións que aquí se albiscan, se confirmen, maticen ou mesmo rexeiten. A comparación con outros espazos peninsulares resultará tamén sumamente proveitosa. E valorando os estudos dedicados a outras rexións que se consultaron para a elaboración destas páxinas, se vemos as poucas aportacións procedentes de Galicia, a distancia empeza a ser preocupante.

<sup>87</sup> Entendido como espazo que “reune todos los elementos reales y simbólicos que contribuían a la grandezadel linaje: por un lado la casa-torre, hogar de la familia principal da liñaxe, (...) la conciencia de un origen y de un remoto antepasado común a los miembros da liñaxe expresadas en un conjunto de leyendas utilizadas para mistificar sus orígenes”: véxase José Ramón **Díaz de Durana Ortiz de Urbina**, *La otra nobleza, escuderos e hidalgos sin nombre y sin historia...*, pág. 126.

<sup>88</sup> Respecto a este couto, reconece o cronista de Oseira frai Tomás de Peralta no ano 1677, de forma un tanto lacónica, que “otra tal declaración como esta podían hazer oy los que descenden deste hidalgo [Roy González de Vilaríño], restituyendonos el Coto de Villariño, que posesen con harto peor título, como ellos saben muy bien, y aun otros muchos”: véxase Fray Tomás de **Peralta**, *Fundación, antigüedad, y progresos del imperial monasterio de Nuestra Señora de Osera de la orden del Cister*, (Facs. de la ed. de Madrid, Melchor Alvarez, 1677), [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, [1997] (Patrimonio Cultural Galego. Fundamentos teóricos), pág. 227.

<sup>89</sup> Véxase María Concepción **Quintanilla Raso**, *Nobleza y caballería en la Edad Media...*, páxs. 35-40.





Tabla de filiación dos Vilariño

Séculos XIV-XV




Fragmento de Mapa Parroquial de Galicia tomado de Andrés FREIXEDO LEDO e Manuel GALLEGO FREIXEDO (dir.)

Mapa de límites das parroquias. Cartografía territorial básica de Galicia, (Santiago de Compostela), Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 2001.

 Bens levados polos Vilaríño

 Couto

 Pousas

 Enterramentos dos Vilaríño

*Posesións dos Vilaríño  
Séculos XIV-inicios do XVI*